

cantiga (1951), primeiro libro da editorial Galaxia e que desde edicións posteriores pasaría a denominarse *Cancioneiro popular galego*, onde recolle unha escolma de cantares populares tradicionais precedida dun amplo prólogo do autor que é a mostra máis dilatada da súa prosa en lingua galega; *Da miña zanfona* (1954), dez poemas de elevada técnica literaria e ós que nas *Obras completas* de Bos Aires lle engadiu trece composicións novas; *Versos de alleas terras e de tempos idos* (1955), traducións e paráfrases de textos poéticos clásicos ou modernos operando en moitas ocasións sobre versións noutros idiomas; a peza teatral *Macías o namorado* (1956); *Ofrenda das fadas no portal de Belén* (1958) e mais *Samos* (1958), derradeira obra publicada en vida e que consiste nun poema épico-didáctico de inspiración relixiosa centrado na descrición da vida da abadía beneditina e que quizais constituía unha das obra cumio na poesía descritiva. Postumamente, ademais das *Obras completas* xa mencionadas, viu a luz *Romaxes da Franqueira con mais o Romance i o diálogo do mouro i o cristiano* (1974), e aínda algunhas composicións soltas en xornais ou libros de homenaxe.

BIBLIOGRAFÍA

Vid., AT, CC, GEG, MF

Alonso Montero, X., "Prólogo" en Cabanillas, R., *Obra completa I*, Madrid, Akal, 1979.

Alonso Montero, X., "Seis escolios para entendermos un libro de Cabanillas" en Cabanillas, R., *Da terra asoballada*, Madrid, Akal, 1976.

Carballo Calero, R., *Libros e autores galegos. Século XX*, A Coruña, Fundación Barrié, 1982.

Fernández del Riego, F., "Bibliografía de Ramón Cabanillas", *Boletín de la Real Academia Gallega*, tomo XXIX, A Coruña, 1961.

Rabunhal, H., *Textos e contextos do teatro galego, 1671-1936*, Santiago, Laiovento, 1994.

Varela Jácome, B., "La versificación de Ramón Cabanillas", *Cuadernos de estudios gallegos*, tomo XX, Santiago, 1965. VV. AA., *¡A nosa terra é nosa! de unha poesía de Ramón Cabanillas. Homenaxe no centenario do seu nacemento*, Ed. Libro de Oro, Vigo, 1976.

VV. AA., *Grial 54*, 1976.

VV. AA., *Homenaxe a Cabanillas no centenario do seu nacemento*, Santiago, 1977.

VV. AA., *Ramón Cabanillas. Camiño adiante*, A Nosa Terra, Vigo, s. d.

CABARCOS SUÁREZ, CELESTINO

(Alaxe-Valadouro, 1883; ¿-?, 1960). Poeta secundario de comezos do século XX. Iniciou ós vinteúñ anos os estudos eclesiásticos no Seminario de Mondoñedo, que tivo que deixar temporalmente pola precaria situación económica familiar, ordenándose sacerdote en 1914. Foi moi amigo dos poetas Noriega Varela* e Gonzalo López Abente*. Colaborou en periódicos e revistas galegas e de fóra de Galicia como *El Ideal Gallego*, *Las Riberas del Eo* e varias publicacións galegas de Bos Aires e A Habana. A miúdo empregaba pseudónimos como O Bruxo dos Ermos ou Cástulo. Foi moi popular a sección que tiña no periódico do seminario mindoniense *Vallibria*, titulada "Cóxegas". Co mesmo nome (*Cóxegas*, 1955) publicou unha selección das súas poesías en galego.

BIBLIOGRAFÍA

Vid. GEG

CABEZA DE LEÓN, SALVADOR

(Betanzos, 1864; Santiago, 1934). Poeta, escritor dramático na época do Rexionalismo e ensaísta, iniciador dos estudos de Dereito en galego como partícipe do grupo Nós e do Seminario de Estudos Gale-

